



Traballando por proxectos



Xornada escolaTAC

Santiago de Compostela

25 de marzo de 2017



Un exemplo que podes usar directamente cos teus alumnos no teu centro educativo

Paso 1

1.- Seleccionar o tema do proxecto.

Elixer un tema ligado á realidade dos teus alumnos, que os motive a aprender e que che permita a ti como docente desenvolver os obxectivos cognitivos e competenciais da materia que buscas traballar.

Para este proxecto decidimos escoller un tema da asignatura de **Matemáticas**.

En concreto, pretendemos que os nosos alumnos investiguen e aprendan sobre o tema dos **ángulos**.

Eles mesmos, organizados en grupos, deberán elaborar e crear o seu propio tema “**Os ángulos**” que deberá incluír textos, imaxes, fotografías, ...



En Agueiro son os alumnos os que crean os contidos, non os profesores.

Paso 2

2.- Formación dos equipos

Organiza e divide aos teus alumnos en grupos de 3 ou 4 alumnos, para que haxa diversidade de perfís e cada un desempeñe un rol.

Teño **25 alumnos** así que decido formar **7 equipos**:
4 equipos de 3 alumnos e 3 equipos de 3 alumnos.



Equipo 1



Equipo 2



Equipo 3



Equipo 4



Equipo 5



Equipo 6



Equipo 7



É importante que sexas ti (profesor/a) quen forme os grupos, polo menos as primeiras veces, para que os grupos sexan o máis equilibrados posible.

Paso 3

3.- Definir o produto final

Define claramente o produto que deben crear os teus alumnos en función das competencias que queiras desenvolver.

Este produto final pode ter distintos formatos, pero no caso de Agueiro o produto final máis habitual será unha **páxina** ou unha **colección de páxinas**

Cada equipo de alumnos, deberá elaborar unha páxina en Agueiro de acordo aos seguintes criterios:

Título da páxina:

“Ángulos: clases e medidas”

Apartados que debe incluír a páxina:

1. **Que son os ángulos.**
Texto acompañado de imaxes, onde se explique correctamente qué son os ángulos.
2. **Clases de ángulos.**
Textos coas definicións das distintas clases de ángulos, incluíndo unha imaxe de exemplo de cada clase, como mínimo.
3. **Como se miden os ángulos.**
Texto onde se explique como se miden os ángulos e con que instrumentos.
4. **Galería de imaxes.**
Crear unha galería de imaxes, dentro da páxina, que conteña todas as imaxes utilizadas.



Esta información debe estar sempre accesible para os alumnos, polo que o profesor creará unha páxina con toda a información relevante sobre o proxecto, que os alumnos poderán consultar en calquera momento.

Paso 4

4.- Planificación

Elabora un **plan de traballo** para presentarlle aos teus alumnos, onde se especifiquen as tarefas previstas e un calendario de traballo coas datas límite para realizar cada tarefa.

O profesor

- Crea un **plan de traballo** usando a ferramenta “**Plans**” de Agueiro.
- Publica este **plan** na páxina que contén as instrucións do proxecto.

Plan de traballo



Data de terminación	Título	Terminada
08 January 2015	Crea unha nova páxina	!
28 January 2015	Visualiza o vídeo que aparece nesta páxina de instrucións Podes ver este vídeo tantas veces como queiras. Se hai algo que non entendes, entra no Foro do grupo para preguntar ou aclarar todo o que necesites.	✓
31 January 2015	Completa o apartado 1 da túa páxina	!
15 February 2015	Completa o apartado 2 da túa páxina No apartado 2 debes facer o seguinte: - Escribe un texto onde expliques cómo se clasifican os ángulos e cantas clases de ángulos hai. Para ilustrar este texto, usa unha imaxe de cada tipo de ángulo.	!
28 February 2015	Completa o apartado 3 da túa páxina	!
15 April 2015	Completa o apartado 4 da túa páxina	!

6 tarefas

Paso 5

5.- Investigación e documentación

Debes dar certa autonomía aos teus alumnos para que se informen, busquen, contrasten e analicen a información que necesitan para realizar o traballo.

O teu papel será orientalos e servirles como guía.

Como información inicial proporcionámoslles aos nosos alumnos un **vídeo** (insertado na páxina de información do proxecto) onde se explica qué son os ángulos e os diversos tipos de ángulos.

Os alumnos poderán ver este vídeo tantas veces como queiran.



Paso 6

6.- Análise e síntese.

Chegado este momento, os alumnos membros de cada grupo poñerán en común a información recopilada, compartirán as súas ideas, debatirán, elaborarán hipóteses, estruturarán a información e buscarán entre todos a mellor solución para cada un dos apartados da páxina do proxecto.

Poñémonos a traballar!


1. Os grupos analizan e asimilan a información recibida.
2. Comenzan a súa investigación para identificar os distintos tipos de ángulos que poden verse nas instalacións e nos espazos do centro educativo.
3. Usando as **tablets** da aula, realizan as fotografías que necesitarán para o seu proxecto.



Alumnos fotografiando ángulos

Os alumnos localizan e fotografían, usando as **tablets** da aula, varios ángulos de cada tipo tanto no interior do centro educativo como no patio.



Posteriormente realizan un **retoque fotográfico simple** para resaltar o ángulo que se mostra en cada fotografía.



Fotografías retocadas polos alumnos

Os alumnos identificaron os ángulos que fotografaron e resaltaron as liñas usando unha aplicación moi simple de retoque fotográfico.

Estas fotografías retocadas son as que finalmente formaron parte das páxinas do proxecto que debía elaborar cada grupo.



Paso 7

7.- Elaboración do produto.

Nesta fase os alumnos terán que redactar os textos, retocar as fotografías e construír a páxina do proxecto de acordo as directrices e ás instrucións recibidas.

A páxina elaborada polo profesor, que contén as instrucións do proxecto, deberá estar sempre accesible para que os alumnos poidan consultala en calquera momento.

Páxina do profesor:

Contén as instrucións para realizar o proxecto e o plan de traballo.



Páxina coas instrucións do proxecto

Páxina do alumno:

Un exemplo da **páxina final** (produto final) realizado por un dos grupos de alumnos.




Páxina final dos alumnos

Paso 8

8.- Presentación do produto.

Os alumnos deben compartir co profesor e cos seus compañeiros o resultado final (páxina) do seu traballo.

Agueiro inclúe funcionalidades que permiten compartir o traballo con outros usuarios e/ou grupos



Modificar os permisos de acceso

IMPORTANTE: Por defecto, só ti podes ver as túas páxinas e coleccións de páxinas. Se queres que outros usuarios poidan ver as túas páxinas ou coleccións, selecciona as páxinas que queiras e escolle a qué usuarios lles das permiso para velas. Podes marcar varias páxinas ao mesmo tempo para darlles os mesmos permisos de acceso a todas. Cando remates, preme no botón **Gardar** que aparece no fondo desta pantalla.

A URL secreta non se pode establecer nesta páxina, xa que deben ser xeradas de forma individual. Para configurar as direccións URL secretas, volve á lista das coleccións ou as páxinas.

Páxinas **Seleccionar todo** **Des-seleccionar todo**

☐ Ángulos: clase... ☒ Ángulos: clase...

Compartir con

Compartir cos meus grupos

☐ Todos os meus grupos

Compartir con outros usuarios e grupos

☐ PULSA AQUI para buscar usuarios e grupos

Buscar Amigos/as

Engadido

Actualmente só ti podes acceder á páxina(s) ou colección(s) seleccionada(s). Agora podes seleccionar as persoas que queiras darlles permisos de acceso ás túas páxinas ou coleccións.

O alumno comparte a páxina co seu profesor e co seu grupo

Opcións avanzadas

Gardar **Cancelar**


Paso 9

9.- Reflexión sobre a experiencia.

Unha vez que todos os grupos compartiron o seu traballo cos demais, toca reflexionar na clase cos propios alumnos sobre o desenvolvemento do proxecto.

O obxectivo é que todos os alumnos poidan expresar libremente na aula, a súa experiencia persoal con respecto a este proxecto.

Resulta moi enriquecedor que os alumnos reflexionen sobre a experiencia, tanto na aula como nos **foros** de **Agueiro**.



Paso 10

10.- Avaliación e auto-avaliación

Finalmente queda avaliar o traballo dos alumnos coa **rúbrica** que lles proporcionaches con anterioridade.

Deberás pedirilles que se auto-avalíen.

Isto axudarálles a desenvolver o seu espírito de autocrítica e reflexionar sobre os seus propios erros.

Rúbrica para avaliar o proxecto

Esta rúbrica está incluída na páxina de información do proxecto para que os alumnos poidan consultala en calquera momento.

	Excelente (4)	Ben (3)	Regular (2)	Deficiente (1)
Requisitos	Cumple todos os requisitos e incluso excede as expectativas	Cumple todos os requisitos	Non cumple satisfactoriamente con algún requisito	Varios requisitos non se cumpren satisfactoriamente
Contidos	Cubre todos os temas en profundidade con detalles e exemplos.	Inclúe o coñecemento básico do tema	Inclúe a información básica sobre o tema, pero ten algún erro.	O contido é mínimo e presenta varios erros.
Organización	Contido ben organizado usando adecuadamente os elementos de clasificación	Usa elementos de clasificación e organización pero o conxunto aparenta certo desorde.	A maior parte do contido está organizado.	A organización non é clara ou non é lóxica. Demasiadas partes sen organizar.
Orixinalidade	O resultado demostra gran orixinalidade. As ideas son creativas e inxeniosas	O resultado demostra certa orixinalidade, con perspicacia e ideas propias.	Usa ideas de outros, recoñecendo aos autores, pero case non hai ideas propias.	Usa ideas de outros e non recoñece aos autores.



COMUNIDADES EDUCATIVAS VIRTUAIS